

Ensinanzas Deportivas

Programación de módulo

Metodoloxía do adestramento e o ensino en fútbol II

Curso: 2020-21

Índice

1	Identificación da programación.....	4
	Centro educativo.....	4
	Ciclo formativo.....	4
	Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*).....	4
	Profesorado responsable.....	4
2	Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.....	4
3	Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.....	5
4	Unidades didácticas.....	6
	Unidade didáctica 1. O Proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol.....	6
	4.1.1. Identificación da unidade didáctica.....	6
	4.1.2. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	6
	4.1.3. Obxectivos específicos da unidade didáctica.....	6
	4.1.4. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado.....	6
	4.1.5. Contidos.....	7
	4.1.6. Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.....	8
	Unidade didáctica 2. A Programación do ensino e do adestramento do fútbol.....	10
	4.1.7. Identificación da unidade didáctica.....	10
	4.1.8. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	10
	4.1.9. Obxectivos específicos da unidade didáctica.....	10
	4.1.10. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado.....	11
	4.1.11. Contidos.....	11
	4.1.12. Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.....	12
	Unidade didáctica 3. A avaliación do proceso de ensino aprendizaxe e adestramento.....	14
	4.1.13. Identificación da unidade didáctica.....	14
	4.1.14. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan.....	14
	4.1.15. Obxectivos específicos da unidade didáctica.....	14
	4.1.16. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado.....	14
	4.1.17. Contidos.....	15
	4.1.18. Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.....	16



5	<i>Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación</i>	17
6	<i>Procedemento para a recuperación das partes non superadas</i>	17
	Procedemento para definir as actividades de recuperación	17
	Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua	17
7	<i>Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente</i>	17
8	<i>Medidas de atención á diversidade</i>	18
	Procedemento para a realización da avaliación inicial	18
	Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados ...	18
9	<i>Aspectos transversais</i>	18
	Programación da educación en valores	18
	Actividades complementarias e extraescolares	18
10	<i>Outras consideracións</i>	18
	Avaliación e cualificación (covid).....	18



1 Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2020-2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
05EF	Actividades Físicas e Deportivas		Ciclo Técnico Deportivo en Fútbol	Medio	Ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas Anuais	Sesiões anuais
	Metodoloxía do ensino e do adestramento en fútbol II	2º	4	20	24

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

Profesorado responsable

Elaboración	Gabriel Pita Patiño
Impartición	Gabriel Pita Patiño

2 Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo do Ciclo (Decreto 353/2003, 11 de setembro) establece entre os seus obxectivos o de por en práctica as actividades de ensino e do adestramento do deporte de fútbol de nivel básico programadas, aplicando os fundamentos e os procedementos didácticos oportunos.

Establecer unha eficaz progresión na aprendizaxe das distintas execucións tácticas do fútbol a nivel individual e colectivo é avalia-las progresións das aprendizaxes dos deportistas, identifica-los erros e aplica-los métodos e os medios necesarios para a súa corrección.

Para a aplicación deste módulo, debemos ter en consideración as diferenzas de perfís do alumnado en canto a súa formación previa xa que nos atopamos con alumnos que aceden con estudos previos moi variados: E.S.O ou FP Básica, Bacharelato, Grados Medios e Superiores e con formación universitaria (vinculada moitas veces ó ámbito do deporte) o que provoca que adaptar a programación a estas diferenzas sexa algo complexo, pero necesario.

No currículo, especificase que as competencias do alumnado o rematar este modulo deberían ser:

1. Analiza-lo proceso de ensino e aprendizaxe do fútbol para a aplicación da metodoloxía axeitada.
2. Distingui-los modelos de programación do ensino e do adestramento do fútbol.
3. Aplica-los elementos para a programación do ensino e o do adestramento do fútbol.

Son competencias moi xenéricas que abranguen un amplo abano de posibilidades, polo que en cada unidade didáctica será necesario redactar uns obxectivos máis específicos que permitan observar como o alumno profundiza en cada un dos elementos.

3 Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

UD	Título	Descrición	Duración (sesións)
1	O Proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os modelos de ensino-aprendizaxe aplicables ó fútbol ▪ Características do proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol 	8
2	A Programación do ensino e do adestramento do fútbol	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programación e planificación do ensino e do adestramento no fútbol ▪ Modelos de programación aplicables ó ensino e ó adestramento do fútbol ▪ A programación no fútbol base: Unidades didácticas aplicadas ó fútbol e a programación baseada en competencias 	12
3	Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e adestramento	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os Principios da avaliación. ▪ Os obxectivos da avaliación do acondicionamento físico. ▪ A metodoloxía da avaliación do adestramento técnico-táctico, físico e psicolóxico. ▪ A auto-avaliación e avaliación da consecución dos obxectivos propostos. 	4
Total			24

4 Unidades didácticas

Unidade didáctica 1. O Proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol

4.1.1. Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
1	O proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol	8

4.1.2. Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Definir a características diferenciais da aprendizaxe do fútbol. ▪ Aplicar a metodoloxía axeitada atendendo ás habilidades deportivas para desenvolver.

4.1.3. Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer os diferentes modelos de ensino-aprendizaxe existentes en la formación del jugador ▪ Coñecer as teorías que sustentan a aprendizaxe do fútbol ▪ Coñecer as características do proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol para e saber aplicalas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Do fútbol "da rúa" ata os modelos estruturado ▪ Os modelos e teorías de aprendizaxe motora no fútbol ▪ Proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol: qué é, en que consiste e que rol desempeño como adestrador 	8
	TOTAL	8

4.1.4. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na Cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e diferenciar os modelos de ensino-aprendizaxe para o adestramento do fútbol 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	N	20
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Definir a características diferenciais da aprendizaxe do fútbol. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	S	30
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer os factores que inflúen na aprendizaxe motora 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	N	25
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer o rol do adestrador no proceso de e-a no fútbol 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	N	20



Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na Cualificación
		Total	100

4.1.5. Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none">▪ O proceso de E-A do fútbol.▪ O concepto de aprendizaxe motor▪ Os modelos e as fases de aprendizaxe motor▪ Factores que inflúen na aprendizaxe motora▪ O rol do adestrador no proceso de e-a no fútbol



4.1.6. Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que Actividade (título e descrición)	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
Presentación: Presentación do módulo, contidos, criterios, materiais,... Preguntas iniciais sobre a Metodoloxía	Explicación sobre o funcionamento do módulo. Elaboración de preguntas iniciais	Toma de apuntes Resposta das preguntas	Apuntes dos alumnos e reflexións realizadas	Canón e ordenador.	Non se avalía	1
<i>Do fútbol "da rúa" ata os modelos estruturados</i> Explicación do proceso de e-a e das diferentes formas de ensinar e aprender fútbol	Elaboración e explicación dos aspectos relacionados coa actividade correspondente	Toma de apuntes. Reflexión sobre os termos a través do debate co alumnado	Apuntes dos alumnos	Canón e ordenador.	Proba escrita	3
<i>Os modelos e teorías de aprendizaxe motora no fútbol</i> Explicación de diferentes modelos e teorías de aprendizaxe motora aplicados ó fútbol Explicación das fases da aprendizaxe motora Diferenciación de factores que inflúen no proceso de aprendizaxe motora	Elaboración e explicación dos aspectos relacionados coa actividade correspondente	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos	Canón e ordenador	Proba escrita	2
<i>Proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol: o rol do adestrador</i>	Elaboración e explicación dos aspectos relacionados coa actividade correspondente	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos	Canón e ordenador	Proba escrita	2

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
					Total	8

Unidade didáctica 2. A Programación do ensino e do adestramento do fútbol

4.1.7. Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
2	A Programación do ensino e do adestramento do fútbol	12

4.1.8. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicar a metodoloxía axeitada atendendo ás habilidades deportivas para desenvolver. ▪ Describir e caracterizar os modelos de programación do ensino e do adestramento do fútbol. ▪ Enumerar os elementos para ter en conta no deseño do ensino e o adestramento do fútbol. ▪ Describir os criterios para establecer os obxectivos nas sesións de adestramento de fútbol. ▪ Nun suposto práctico dun período da tempada de fútbol, con obxectivos deportivos dados: Establecer a secuencia das sesións de adestramento. ▪ Establecer obxectivos de cada sesión de adestramento. ▪ Determinar os contidos de cada sesión en función dos obxectivos propostos.

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.1.9. Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer as características da programación e planificación do adestramento do fútbol ▪ Coñecer os principais modelos de programación no fútbol ▪ Coñecer os principios da programación por competencias ▪ Saber elaborar unha programación para a aplicación no fútbol base 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programar e planificar no fútbol, ¿por que e como? ▪ Os principais modelos de programación no fútbol: microciclo estruturado e periodización táctica ▪ Programar si pero, ¿en base a que? A programación por competencias ▪ A programación de unidades didácticas competenciais para o fútbol base (traballo) 	12
TOTAL		12

4.1.10. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na Cualificación
▪ Coñecer o concepto de programación e planificación e os motivos da súa necesidade	▪ Proba escrita	N	5
▪ Coñecer que é e as características fundamentais do microciclo estruturado	▪ Proba escrita	N	5
▪ Saber aplicar nun contexto específico un exemplo de microciclo estruturado	▪ Proba escrita	N	5
▪ Coñecer que é e as características fundamentais da periodización táctica	▪ Proba escrita	N	5
▪ Saber aplicar nun contexto específico un exemplo de periodización táctica	▪ Proba escrita	N	5
▪ Saber diferencias obxectivos, contidos e competencias	▪ Proba escrita	S	5
▪ Saber definir, identificar e elaborar competencias no ámbito do fútbol (base)	▪ Rúbrica do traballo	S	10
▪ Coñecer o proceso de elaboración dunha programación por competencias para un período de adestramento (unidade didáctica)	▪ Rúbrica do traballo	N	10
▪ Saber elaborar correctamente unha programación de unidade didáctica competencial para fútbol base	▪ Rúbrica do traballo	S	35
▪ Presentar e defender a proposta de programación de unidade didáctica	▪ Rúbrica da presentación	N	15
			100

4.1.11. Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificar e programar no fútbol. Aspectos conceptuais introductorios ▪ O microciclo estruturado ▪ A periodización táctica ▪ Os conceptos básicos para programar: obxectivos, contidos e competencias ▪ A programación por competencias no fútbol ▪ Proposta de unidade didáctica competencial en fútbol base

4.1.12. Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
<i>Programar e planificar no fútbol, ¿por que e como?</i> Os conceptos de programación e planificación	Elaboración do temario e explicación dos aspectos relacionados co mesmo	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos e reflexións realizadas	Canón e ordenador.	Proba escrita	1
<i>Os principais modelos de programación no fútbol: microciclo estruturado e periodización táctica</i> O microciclo estruturado: en que consiste e como se aplica	Elaboración do temario e explicación dos aspectos relacionados co mesmo	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos e reflexións realizadas	Canón e ordenador.	Proba escrita	1
<i>Os principais modelos de programación no fútbol: microciclo estruturado e periodización táctica</i> A periodización táctica: en que consiste e como se aplica	Elaboración do temario e explicación dos aspectos relacionados co mesmo	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos e reflexións realizadas	Canón e ordenador.	Proba escrita	1
<i>Programar si pero, ¿en base a que?</i> <i>Programación por competencias</i> Os conceptos da programación: obxectivos, contidos e competencias	Elaboración do temario e explicación dos aspectos relacionados co mesmo	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos e reflexións realizadas	Canón e ordenador.	Rúbrica do traballo	2

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
<i>Programar si pero, ¿en base a que?</i> <i>Programación por competencias</i> A programación por competencias no fútbol	Elaboración do temario e explicación dos aspectos relacionados co mesmo	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos e reflexións realizadas	Canón e ordenador.	Rúbrica do traballo	2
<i>A programación de unidades didácticas competenciais para o fútbol base</i> Proposta de traballo para unha unidade didáctica competencial en fútbol base	Elaboración dun guión do traballo	Toma de apuntes e plantexamento de dúbidas sobre o traballo	Traballo escrito dos alumnos	Canón e ordenador.	Rúbrica do traballo	2
<i>A programación de unidades didácticas competenciais para o fútbol base</i> Exposición e defensa da proposta competencial en fútbol base	Elaboración do temario e explicación dos aspectos relacionados co mesmo	Elaboración dunha presentación en PowerPoint, exposición e defensa da mesma	Traballo e presentación	Canón e ordenador.	Rúbrica da exposición	3
TOTAL						12

Unidade didáctica 3. A avaliación do proceso de ensino aprendizaxe e adestramento

4.1.13. Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
3	A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e adestramento	4

4.1.14. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicar a metodoloxía axeitada atendendo ás habilidades deportivas para desenvolver. ▪ Describir os criterios para establecer os obxectivos nas sesións de adestramento de fútbol (na súa avaliación) ▪ Establecer obxectivos de cada sesión de adestramento (de avaliación)

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.1.15. Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer os Principios da avaliación. ▪ Saber avaliar o proceso de e-a e adestramento no fútbol 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A avaliación: fundamentos e obxectivos ▪ Aplicación da avaliación no proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol 	4
TOTAL		4

4.1.16. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na Cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer en que consiste o proceso de avaliación e para que se realiza 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	S	30
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer os fundamentos básicos do proceso avaliativo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	S	30
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e amosar dominio sobre os aspectos susceptibles de avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	N	20
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Saber elaborar unha ferramenta de avaliación para o fútbol formativo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	N	20
TOTAL			100



4.1.17. Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none">▪ A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol: fundamentos e obxectivos▪ A aplicación da avaliación no proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol



4.1.18. Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
<p><i>A avaliación: fundamentos e obxectivos</i> Descrición dos conceptos de avaliación, en que consiste e para que se realiza</p>	Elaboración e explicación dos aspectos relacionados coa actividade correspondente	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos	Canón e ordenador.	Proba escrita	2
<p><i>Aplicación da avaliación no proceso de ensino-aprendizaxe no fútbol</i> Exemplo de aplicación dun modelo de avaliación do proceso de e-a no fútbol base</p>	Elaboración e explicación dos aspectos relacionados coa actividade correspondente	Toma de apuntes.	Apuntes dos alumnos	Canón e ordenador.	Proba escrita	2
TOTAL						4



5 Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixible para avaliación positiva están especificados no apartado 4 de cada unidade didáctica.

Estes mínimos daranse por cubertos cando o alumnado, unha vez realizada a proba de avaliación pertinente, amose que os ten adquiridos e é quen de amosalos.

Na maioría dos casos estes mínimos se valoran mediante probas escritas, pero tamén con traballos e tarefas de aula, así como tarefas de tipo práctico ou debates a través da aula virtual.

Para poder superar o módulo, poderanse facer probas parciais ó longo do curso, co alumnado que asista á clase e non teña perda de dereito á avaliación continua, tendo que acadar como mínimo un 5 (sobre 10), nas probas parciais realizadas para superar dita parte.

Si o alumnado chega ó 5 nas probas escritas (por parciais ou no exame final), , sumaranse os demais apartados que se especifican a continuación:

- Probas escritas (exames de tipo conceptual con preguntas cortas) → 65%
- Traballos (Traballo de programación didáctica para un equipo) → 35%

6 Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Procedemento para definir as actividades de recuperación

- **Avaliación suspensa:** O alumnado que non chegue ós mínimos esixibles e non acade a puntuación de 5 nas probas escritas estará suspenso. O alumnado suspenso, terá a oportunidade de recuperar aquelas probas non superadas dentro do mesmo trimestre (na semana final de avaliacións). No caso de non recuperalas se fará unha última proba no mes de que determine o centro, para actividades de recuperación extraordinaria, despois da avaliación final.
- Os traballos e tarefas poden consultarse todas as veces que sexa necesario durante a súa elaboración, pero unha vez corrixiados, avaliados e publicados polo profesor, non poden volver a entregarse (xa que non existe un mínimo para aprobar neste apartado) e na avaliación extraordinaria o pero da mesma recae no exame final ó 100%
- **O alumnado co módulo pendente:** poderá asistir á clase co resto do alumnado para cursar o módulo si o centro así o estima oportuno e non supón impedimento algún para o propio alumno ou os compañeiros e compañeiras.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de avaliación continua necesitará obter unha nota superior a 5 nunha proba obxectiva de todo o temario.

- **Proba escrita final** → 100%

Se un alumno perde o dereito á avaliación continua durante o curso, e tiña presentados traballos ou tarefas, estas quedarán anuladas e todo o peso da avaliación será o da proba final.

7 Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Realización de seguimento da programación mensual.
- Realización dunha enquisa de valoración final por parte do alumnado sobre satisfacción e aprendizaxe co profesor



8 Medidas de atención á diversidade

Procedemento para a realización da avaliación inicial

Reunión inicial co grupo e realización dunha serie de preguntas para coñecer o nivel de competencias previo sobre o módulo

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Traballo adicional e tutorías en función das carencias que se detecten ou que demande o propio alumnado
Adaptación nas sesións para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (problemas de tipo auditivo, visual, de mobilidade, etc)

9 Aspectos transversais

Programación da educación en valores

- Fomentarase a colaboración mediante os traballos en grupo (na medida do que a dinámica de aula o permita pola normativa COVID)
- Fomentarase o respecto as opinións mediante realización de debates e discusións.
- Esixirase limpeza e orde nos traballos.
- Esixirase boa expresión e corrección de fallas de ortografía.

Actividades complementarias e extraescolares

Non se prevé ningunha actividade

10 Outras consideracións

Avaliación e cualificación (covid)

Instrumentos e procedementos de avaliación de suspenderse as clases:
Presentación e exposicións orais ou exames orais por videoconferencia (60%)
Traballos diferentes temas (40%)